

DÍA MUNDIAL DA

1º DE OUTUBRO 2007

ARQUITECTURA

 <p>A CORUÑA</p>	 <p>FERROL</p>	 <p>LUGO</p>	 <p>OURENSE</p>	 <p>PONTEVEDRA</p>	 <p>SANTIAGO</p>	 <p>VIGO</p>	<p>O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia-COAG- celebra hoxe día 1º de outubro o día Mundial da Arquitectura, unha efeméride auspiciada polo Consejo Superior de los Colegios de Arquitectos baixo o lema:</p>
<p>Pobo de REDES Ares</p>	<p>Albergue de Alvarella Doroña, Vilarmaior, 1999 Daniel Beiras GarcíaSabell arquitecto / Oficina Galega de Proxectos Arquitectónicos S.L.</p>	<p>Edificio de oficinas da Central de Belesar, 1963 Juán Castañón de la Mena arquitecto.</p>	<p>Colegio de N. S. de los Milagros Maceda, 1966 Luis Laorga Gutiérrez Arquitecto</p>	<p>Centro deportivo do Pontillón Verducido, Xeve, 2006 J.R. Garitaonandía de Vera, arquitecto</p>	<p>Casa da Conga Praza da Quintana Santiago, 1709 Domingo Antonio de Andrade, arquitecto</p>	<p>Campus Universitario As Lagoas-Marcosende Vigo, 1977</p>	<p>TRANSMITIR ARQUITECTURA DE "EMISIÓN CERO"</p>

A celebración pretende chamar a atención dos cidadáns sobre a arquitectura nos seus aspectos máis cotiáns, detense na convivencia de edificios e persoas e, en definitiva, percibir esa complexidade vital na cidade. Con esta filosofía, sinálase unha edificación e o seu autor/es en sete localidades galegas. A súa elección descansa na relación estreita entre o arquitecto e a súa obra coa propia urbe .



O COAG ten á disposición do público diversas publicacións e unha completa base informativa e documental sobre arquitectura, urbanismo e edificación. O acceso a esta información pode realizarse a través da web do Colexio www.coag.es ou achegándose ás súas sete Delegacións.

Por unha arquitectura que faga máis habitables as nosas cidades e territorio.

Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

www.coag.es

O día 1 de outubro de 2007 celébrase o Día Mundial da Arquitectura baixo o lema *Transmitir arquitectura de “emisión cero”*. A conmemoración pon o énfase no feito de que a construción ten unha responsabilidade esencial na produción de Gases de Efecto Invernadoiro GEIs que se emiten á atmosfera como consecuencia do proceso edificatorio que, entre 1987 e 2000 aumentou a superficie de solo artificial en España ata un 2,1 por cento do total, cun incremento dun 29%, o que supón un ritmo de crecemento de 2ha/hora. Esa cifra implica unha estimación lineal de crecida a 2010 de ata 1.239.059 e un índice de 152% respecto de 1987 da ocupación do territorio.

Nos dous últimos anos elaboráronse e dictáronse normas que ralentizarán o aumento de emisións, dentro da Estratexia Española de Aforro e Eficiencia Enerxética 2004-2010 e o seu Plan de Acción 2005-2007 (E4). O Plan de Enerxías Renovables, dos Plans Nacionais de asignacións PNA, o Plan Nacional de Redución de Emisións e o Código Técnico da Edificación, son as ferramentas principais para afrontar este problema ata o ano 2012. Los GEIs aumentaron un 48,5% desde 1990. Se non innovamos rápido será difícil reducir as emisións que se prevén un 52,64% máis altas entre 2008 y 2012. Un cambio de cultura na calidade de vida deberá comprometer a toda a sociedade.

Os arquitectos podemos e debemos contribuír a diminuír esas cifras, que non só se basean no consumo de cemento e aceiro, senón que se reflicten no consumo de recursos non renovables, como o solo. Hai tamén unha produción inxente de residuos que haberán de minimizarse e controlarse mediante fórmulas avanzadas de reutilización e reciclaxe, baixando as facturas en mantemento, creando sumidoiros de GEIs e limitando o consumo de recursos naturais. Á vez que optimizamos os balances da eficacia enerxética e a proporción das enerxías renovables na edificación.

Transmitir arquitectura é a función primixenia do oficio dos arquitectos. A arquitectura é o noso patrimonio habitable: Crealo, transmitilo e conservalo o mellor posible é a nosa tarefa profesional máis importante, o noso reto contemporáneo e coas futuras xeracións. Pero transmitir arquitectura non só afecta á técnica de construír; ten tamén unha obriga respecto da comunicación, pois non podemos transmitir arquitecturas que despilfarran recursos, linguaxes e formas a calquera prezo e multipliquen o impacto sobre o medio ambiente. E tamén, aflora unha responsabilidade social a favor das boas prácticas, da redución do problema da vivenda, da mellora da prevención de riscos, a redución dos accidentes laborais e fomentar o impulso á investigación. Transmitir valores tamén consiste en reducir emisións socialmente contaminantes.

Pódese dicir que non existe a arquitectura de emisión cero, pero o noso traballo consiste en ideala, en innovar para inventala, para facela posible. Non podemos conformarnos coas normas e regulamentos que xa nos esixen un esforzo de aforro extraordinario. Temos que asumir que o noso traballo debe axudar á redución da fatiga ambiental e as súas secuelas. Nesta década, mellorar o deseño pasivo para o aforro enerxético estará unido a pensar a arquitectura de menor impacto contaminante, axudar co urbanismo a reducir a mobilidade insostible, incentivar outros factores do territorio e corrixir os impactos que produce a construción da arquitectura, para que esta sexa cada vez máis saudable. Co CTE, cos planeamentos sostibles e coa participación social.

Semellante esforzo non é unha cuestión de indicadores ou de palabras. Non é unha cuestión de cifras e normas. O proxecto debe ser un instrumento creativo desde a orixe. Un documento arquitectónico debe saber reducir o seu impacto, baixar o seu custo ambiental e o seu mantemento, facer mínimas a emisión de gases de efecto invernadoiro, provocar a menor contaminación lingüística e formal: evitar o despilfarro ambiental de deseños irresponsables ou despilfarros de recursos é un valor ético dos arquitectos. Trátase dunha cuestión de criterio e convicción na nosa capacidade para que a arquitectura cumpra os seus obxectivos e ser patrimonio vivo da humanidade que a habita.